



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Xuventude

XESTIÓN DOS LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE DE COMPOSTELA

Enrique Vázquez Naveira, Xefe do Departamento de Xuventude

INFORMA

Despois das distintas iniciativas que o Departamento de Xuventude desenvolveu para a promoción das distintas formacións que realizan os seus ensaios nas dúas salas situadas nos baixos do fondo sur do estadio de San Lázaro, púxose en marcha o servizo de xestión de actividades que incide no funcionamento e xestión das propias salas de ensaio.

Trátase de garantir o seguemento e dinamización dos locais así como o asesoramento a cada grupo establecendo un contacto directo con cada usuario no momento de realización dos seus ensaios. Enténdese que este proxecto ten como público destinatario aos usuarios dos locais, grupos noveis, de recente creación con baixos coñecementos de equipamentos e backline e baixa formación musical. Estas persoas usan o local máis como espazo de recreo e relación que como un recurso de promoción para a carreira musical profesionalizada. A falta de coñecementos sobre os equipos e os seus coidados fai que se provoquen constantes desperfectos no equipamento. Responsabilizarse destes danos é un primeiro paso para a ordenación do espazo e a resolución de calquera conflito. Así mesmo, manter unha presenza estable no local favorecerá o diálogo, a orientación e formación musical e o mantemento dunha orde no seu funcionamento.

Ante a proximidade da finalización do período contratado para levar a cabo o servizo de Xestión dos Locais Municipais de Música para a Xuventude, licitouse novamente o servizo, cun prazo de execución dun ano, a través dun procedemento aberto, cun importe de 9.917,36 euros (BOP, martes, 8 de xullo de 2014, BOP Nº 128), para o cal se presentaron dúas empresas: Esproade Servicios Integrados e Arasti Barca M.A.S.L.

Unha vez comprobada a solvencia técnica de ambas empresas con ampla experiencia en servizos similares no resto de España, que confirman a capacidade para executar as funcións exisidas no prego técnico, e de acordo co artigo 10.3 do Prego de cláusulas administrativas, confirmamos que a oferta económica máis ventaxosa é a da empresa *Esproade Servicios Integrados*.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Xuventude

IMPORTE PRESENTADO POR AMBAS EMPRESAS

ESPROADE SERVICIOS INTEGRALES

TOTAL.....9.183,90 €

BASE IMPOÑIBLE....7.590,00 €

IVA 21%.....1.593,90 €

ARASTI BARCA M.A.S.L.

TOTAL.....11.993,96 €

BASE IMPOÑIBLE...9.912,36 €

IVA 21%.....2.081,60 €

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2014

O Xefe da Concellería de Xuventude

Enrique Vázquez Naveira

